

NORMATIVA DE CURSOS DE VERÁN DA UDC PARA 2007

Preámbulo

Os cursos de verán son hoxe, no conxunto das universidades, un instrumento básico da extensión universitaria, un lugar de debate e intercambio entre a comunidade universitaria e a sociedade. Por esa razón, son entendidos como un medio que complementa todo aquilo que non pode ser tratado nas ensinanzas regradas.

Na maioría dos casos, por non dicir en todos eles, están suxeitos a unha normativa básica que garante a súa consistencia académica e científica, a accesibilidade das súas propostas a un público amplo e a homoxeneidade da propia imaxe institucional que proxecta.

No caso da Universidade da Coruña, existiu e existe unha oferta de cursos de verán que non se rexe por ningún dos criterios habituais e que, nalgún caso, nace mesmo por iniciativa de servizos da UDC. Esta é unha realidade que sería irresponsable ignorarmos e que, para alén do anterior, amosa unha crecente vitalidade. Por esta razón, a Universidade da Coruña debe dar o apoio necesario para que os cursos de verán cumpran do modo máis satisfactorio o seu papel. Este é o sentido último da normativa que agora se presenta.

I. Marco normativo.

- Calquera oferta de encontros, cursos ou seminarios que se oferte baixo a indicación de *cursos de verán*, por iniciativa propia da institución ou en colaboración con outras entidades, celebrada en período estival baixo o logotipo ou imaxe corporativa da UDC, haberá de axustarse ás presentes normas, for na tramitación das solicitudes ou na súa execución.
- Os cursos de verán van dirixidos preferentemente a estudantes das universidades e a un público amplo interesado na oferta cultural, científica ou de actualidade canalizada pola UDC. Diferéncianse en obxectivos e público da oferta de congresos, simposios e reunións científicas.
- O seu período de realización vai do 8 de xuño ao 30 de setembro de 2007, ambos incluídos. As datas de celebración definitivas serán autorizadas pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación.
- A duración de cada curso será de tres días. Só en casos excepcionais se contemplará unha duración superior.
- En ningún caso poderán ter efectos curriculares en relación a calquera das titulacións oficiais da UDC, agás no caso dos créditos de libre configuración que se lle puidesen recoñecer.
- Cada curso de verán terá unha dirección e unha secretaría, ocupadas, como mínimo, por unha persoa pertencente á UDC. O director ou directora será responsable do curso ante a Vicerreitoría, tanto na organización e infraestrutura do evento como na execución do seu orzamento.

- Corresponde á dirección do curso de verán establecer os contidos do programa, designar a persoa que ocupe a secretaría, responsabilizarse da xestión económica, manter os contactos de organización e información cos intervenientes, reservar –xunto coa secretaría- os lugares e horarios, garantir o control de asistencia e os diplomas correspondentes, entregar o cuestionario de calidade e, en xeral, correr coa xestión do curso.
- Corresponde á secretaría do curso a asistencia permanente á dirección no desenvolvemento da xestión do curso e todas aquelas tarefas concretas que aquela lle fixe.
- Para a súa aprobación definitiva, cada curso deberá ter ao final do prazo de inscrición un mínimo de 20 persoas matriculadas. Soamente en casos excepcionais, debidamente xustificadas e sempre que existan recursos económicos acreditados, a Vicerreitoría podería aprobalos cun número menor de matrícula.
- A Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación entregará un diploma acreditativo a todo o alumnado matriculado que asistira con regularidade ao curso. A asistencia cubrirá, cando menos, un 85 % das sesións.
- O curso terá o recoñecemento de créditos de libre elección que acorde a Comisión de Planos de Estudo.
- Admítese un máximo de dúas intervencións por persoa, sexa en conferencias, mesas redondas, obradoiros ou baixo calquera outra modalidade. Calquera excepción a esta norma deberá ser xustificada para a súa aprobación ante a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación.
- As sedes do curso estarán nos campus da UDC, na Coruña e en Ferrol, ou nas instalacións que esta posúe. No caso de se celebraren en concellos ou instalacións alleas, a dirección do curso deberá concertar o establecemento dun marco conveniado entre a entidade ou institución responsable desas instalacións e a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación.
- Cada curso disporá dun procedemento de avaliación de resultados que lle será facilitado pola Oficina de Cursos e Congresos e que deberá entregarse, debidamente cumprimentado, xunto coa memoria final da actividade.
- O número máximo de cursos de verán nesta convocatoria será de 10. A Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación resérvase a posibilidade de encargar directamente cursos que traten temas de interese institucional e actualidade non ofrecidos nas propostas presentadas. Estes cursos poden partir da iniciativa de asociacións de estudantes recoñecidas no ámbito da Universidade da Coruña.

II. Procedemento de remisión de propostas.

- Poderán presentar proxectos de cursos de verán todos os profesores e profesoras da UDC, os departamentos, os centros, os institutos e os servizos desta universidade.

- A proposta será enviada por escrito á Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación coa seguinte documentación:
 - a) Impreso que se achega como apéndice destas normas.
 - b) Proxecto onde se inclúa:
 - i) Título do curso.
 - ii) Obxectivos razoados.
 - iii) Alumnado a quen se dirixe.
 - iv) Programa do curso, onde se desglosen as actividades académicas (conferencias, mesas redondas, obradoiros...), con indicación de días e horas.
 - v) Relación de intervenientes, co seu currículo, perfil académico ou profesional e adecuación ás materias tratadas.
 - c) Orzamento que inclúa os honorarios de cada participante, posibles gastos de desprazamento e aloxamento, publicidade, financiamento externo e outros.
 - d) Axuda solicitada á Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación.
- A data límite para a recepción de propostas será o 31 de xaneiro de 2007. A comunicación da aceptación ou non dos cursos será anterior ao día 1 de marzo de 2007.
- As propostas deberán entregarse no rexistro da UDC ou na Vicerreitoría de Ferrol, dirixidas a Cursos de verán da UDC, Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación, Maestranza s.n., 15001 A Coruña.
- Unha vez comunicada á dirección do curso a aprobación, esta ou a secretaría enviará á Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación o programa definitivo, xunto coa confirmación de asistencia dos intervenientes, coa data límite de 31 de marzo.
- Antes do 16 de novembro, achegarase á Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación unha memoria xustificativa da execución do programa que deberá incluír, cando menos:
 - a) Memoria académica da actividade, nunha soa páxina.
 - b) Publicidade propia do curso (folletos, cartaces, insercións publicitarias...).
 - c) Información e reseñas sobre o curso nos medios de comunicación.
 - d) Memoria económica, que incluírá:
 - i) Relación de gastos e ingresos, facilitado pola persoa responsable de asuntos económicos do centro.
 - ii) Axudas solicitadas, concedidas ou denegadas.
 - iii) Relación do destino da axuda económica da UDC.
 - e) Documentos cumprimentados de avaliación de resultados.

III. Criterios de selección das propostas.

- Valorarase a calidade, novidade, actualidade e oportunidade das propostas, que non deberán colidir con materias curriculares. A tal fin, outorgarase a seguinte puntuación:
 - a) Valoración académica e científica: máximo de 4 puntos.
 - b) Calidade e solvencia dos intervenientes: máximo de 3 puntos.
 - c) Novidade a respecto de edicións anteriores: máximo de 2 puntos.
 - d) Oportunidade e actualidade da proposta: máximo de 2 puntos.
 - e) Grao de financiamento externo documentado: máximo de 5 puntos.
- Serán excluídas as propostas que non alcancen un total de 9 puntos.
- No caso de existiren coincidencias temáticas entre varias propostas e cando non for posible a súa integración nunha única, seleccionarase a de maior puntuación.
- Procurarase garantir a renovación da oferta dando cabida a actividades que non se realizaran en edicións anteriores.

IV. Financiamento.

- As axudas corresponderán á partida 9890.422D.226.06, denominada Cursos e conferencias VEUC. O centro de gasto correspondente a cada curso será o do centro a que pertencen as persoas de dirección ou de secretaría.
- Cada curso poderá obter unha axuda máxima correspondente ao 30 % do seu orzamento global, ata un máximo de 3.000 euros.
- A dirección do curso deberá xustificar convenientemente que o financiamento externo garanta a diferenza entre esta posible axuda e o orzamento global da actividade. A tal fin, debe constar o compromiso escrito de financiamento das entidades colaboradoras¹, con indicación das cantidades exactas e a forma de facela efectiva.
- A cantidade aportada pola Vicerreitoría non poderá destinarse a gastos protocolarios (xantares, bebidas...). En calquera caso, non se abonará ningún gasto que non fose orzado e aprobado por esta Vicerreitoría.
- A cota mínima de inscrición nos cursos será de 100 €, que se xerarán na aplicación orzamentaria anterior. O estudantado da UDC e o resto da comunidade universitaria disporán de bolsas de asistencia.
- Os ingresos por matrícula non reverten no curso. Finalizado o prazo de matriculación, cada curso recibirá un financiamento adicional de 10 euros por estudante, con cargo á mesma aplicación orzamentaria.

¹ Non se consideran a este efecto os departamentos, institutos ou centros da UDC.

- Os honorarios da dirección e secretaría poderán ser, como máximo, de 450 € e de 250 € brutos, respectivamente, incluídas as súas intervencións no curso. No caso de dirección compartida, a retribución anterior dividirse proporcionalmente. Os honorarios dos intervenientes serán de 350 € por ponencia e de 200 € por participación en mesas redondas. Calquera variación neste criterio deberá ser xustificada para a súa avaliación e posible aceptación, que se reflectirá na resolución final da Vicerreitoría.
- A Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación farase cargo da difusión e publicidade conxunta da oferta de cursos de verán. A publicidade particular corre por conta dos organizadores, que deberán axustarse á imaxe institucional e ao [Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña](#).

Para calquera dúbida, os proponentes poden dirixirse á Oficina de cursos e congresos, na Casa da galería, primeiro andar, no campus de Elviña, occ@udc.es, teléfono 981167000, ext. 1963 (1957 só UDC), fax. 981167013.

A Coruña, 20 de novembro de 2006.

O Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación

Luís Caparrós Esperante

CALENDARIO

31 de xaneiro: data límite para a recepción de propostas na Vicerreitoría.

1 de marzo: data límite para a comunicación á dirección do curso da posible aceptación.

31 de marzo: envío á Vicerreitoría do programa definitivo, xunto coa confirmación de asistencia dos intervenientes.

8 de xuño ao 30 de setembro: datas para a celebración do curso.

16 de novembro: data límite para o envío á Oficina de Cursos e Congresos da memoria xustificativa.

IMPRESO DE PROPOSTA DE CURSOS DE VERÁN DA UDC 2007

Título do curso de verán
Director/a do curso
Secretario/a
Centro e departamento do director/a e do secretario/a
Datas de celebración
Lugar(es)
Duración en horas lectivas
Alumnado ao que se dirixe
Límite máximo de estudantes, no seu caso
Documentación que se acompaña
Sinatura En _____, a ____ de ____ de 200__. Asinado: